

1. As vinte vidas de Lúa



Foto de Xabier Martínez.

Botamos unha tarde coa escritora Fina Casallerrey na Librería Paz de Pontevedra para falar do libro que tanto nos marcou, O misterio dos fillos de Lúa. Esta conversa complementa o episodio 1 do podcast NALINGUA.

Lucía Abarrategui

Pasaron vinte anos desde aquela descuberta literaria na que os gatiños de Lúa desapareceran e eu, xunto a Branca e David, intentei resolver aquel misterio. Entretanto, esquecín que aquel libro era unha lectura obrigatoria da que tería que dar conta nun control académico daqueles nos que che preguntaban a cor do gato, cantas patas tiña a cama da avoa ou en que páxina se encontraba aquela frase na que non repararas. Ler aquel libro foi, na verdade, atopar o goce da lectura a través dos detalles que **Fina Casallerrey** esfarelaba por medio das palabras.

E vinte anos despois, aquí estou, correndo polas rúas do centro de Pontevedra xunto co colega **Sergio Pascual**, valisoletano que namorou de Galicia, da súa lingua e, por suposto, da súa literatura. Precisamente diso se fala en **NALINGUA**, o podcast do proxecto da que tamén forma parte esta reportaxe. Coas gafas cheas de pingas e ***O misterio dos fillos de Lúa*** baixo o brazo, entramos, por fin, na Librería Paz. Un recuncho que nos abre as portas para protexernos entre libros da que está caendo fóra, no sentido literal e metafórico. E nese refuxio, está a esperar por nós a primeira autora en galego que leu Sergio e unha das artífices do meu amor pola literatura. Sentamos arredor dun libro que, en diferentes medidas, mudou a nosa vida. As persoas que estean a ler isto, de seguro que coñecen a Casallerrey. De non ser así, hai inmensas referencias bibliográficas ao respecto pero ningunha na que Fina se presente ao modo en que o protagonista de *O misterio dos fillos de Lúa* o fai na primeira páxina deste libro, que a levou a gañar o **Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil**.

“Ola son Fina, nacín en Xeve e fun á voda dos meus pais e brindei canda eles. Gústame estar cos amigos e escoitar, non só falar, e iso creo que é un don. Suponse que me gusta ler, e é verdade. Aínda que na infancia tivese poucos libros, tiven unha biblioteca oral inmensa. Case nunca mostro fóra da casa o xenio, aínda que o teño. Case nunca me enfado para sempre. Case nunca son incapaz de meterme na pel de alguén. Vivo nun sitio estupendo, en Lérez, chámamlle Cruceiro porque hai un cruceiro que tamén debuxou Castelao. Desde o meu cuarto vexo o convento de San Benitiño de Lérez e intúo o río”.

Fina saca do bolso un tutelo no que, cando era nena, metían as amoras maduras con azucre e esmagábanas cun pauciño. Daquel invento saía unha especie de marmelada. Póusao na mesa, xunto a unha rosa que ela mesma trouxo da súa casa. Ficamos abraiados polos recursos, mais Fina é mestra e narradora. De feito, esa é a súa particular explicación sobre a orixe de *O misterio dos fillos de Lúa*:

“A primeira amora para escribir este libro débolla a unha gata, sinto non ser nada orixinal incluso, quen non o saiba, vai descubrir que conforme eu fixen esa historia, podería facela outra persoa. Van descubrir que non son Deus capaz de crear da nada”.

Efectivamente, eu son unha desas persoas que, no meu caso, até antes de preparar esta entrevista non coñecía que Lúa existiu de verdade e que foi atopada polo fillo

de Fina entre as silveiras, mais iso non é un demérito pois, como ela mesma advirte, o que vivimos é a gasolina da imaxinación.

“Cando ía parir Lúa chamaba por nós, miañaba insistindo para que estivésemos con ela e eu, que fun unha nena da aldea e que sabía que tódolos animais cando van parir agóchanse para que ninguén descubra onde están as crías, fiquei conmovida pola confianza que Lúa depositou en nós”.



A gata protagonista deste libro existiu na realidade. Foto de Xabier Martínez.

De todos os xeitos, non me sorprende que Lúa existira porque penso que o misterio que agocha este libro é, precisamente, a súa verdade. Unha verdade que está nos mellores libros. Desas semellanzas falaron **Fina e Sergio**.

S: Cando estiven a traballar no podcast Nalingua tiven a oportunidade de ler **Memorias dun neno Labrego**. Unha das preguntas que me fago é sobre se **David** é un neno labrego moderno, se podería ser mesmo o neto de **Balbino**.

F: Xa lle gustaría a David ser o neto daquel marabilloso neno, Balbino, que coñecemos todos e que tanta xente se identificou con el. E aínda hoxe lelo, e cambiando os ambientes, segue a gustarche; por iso é certo cando din “escribe do

puntiño que ti coñeces e verás que esa obra é universal”. Oxalá *O misterio dos fillos de Lúa* siga por ese camiño. David é un neno literario, e os nenos e nenas que o len son moito máis intelixentes ca el, por iso rin coa obra, que é o que eu quero. Por exemplo, un neno real si sabe de onde veñen os nenos, non como na miña época. Recordo cando a miña irmá chegou casa e dixo : “Que risa, Matildita, a veciña, dixo que a nai tiña un bebé na barriga, que risa, pensa que é un cangurito”.

L: E hai moita diferenza entre escribirlle a un neno ou nena dos 90 que ás crianzas do 2020?

F: Eu creo que non, que lles seguen gustando moitísimas das mesmas cousas. A nós mesmos xa a realidade actual nos vai levando coma un río, con rápidos e con remansos. Por iso gustan historias de hai moitos anos e seguen voando por riba dos tellados do mundo e das culturas. Creo que o que cambiou é a maneira de entender a infancia. Entón o que escribimos non é para estar dándolle leccións que aburran. O rapaz é intelixente, só é máis novo ca nós, e sabe tirar as súas conclusións.

Se algo ten a palabra é que podemos viaxar no tempo sen maior custo que a imaxinación. É 1996 e Fina está na sala de profesores do colexio de Moraña, onde traballou vinte e cinco anos e na que, un ano atrás, recibira a nova de que a historia de Lúa era **Premio Barco de Vapor**, unha noticia que lle fixo “dar pinchos de alegría”. Naquelas datas aínda non estabamos encadeados a un teléfono móbil e, na escola de Moraña, había un teléfono fixo. Está soando. A chamada é para Fina. Sae da sala de profesores e entra no despacho de Dirección. A mestra levanta o teléfono. Ao outro lado, agardan a voz da escritora e escóitase: “*Soy Fernando Rodríguez Lafuente, director general del Libro y la llamo para comunicarle que su maravilloso O misterio dos fillos de Lúa, ha sido galardonado con el Premio Nacional de Literatura*”.

F: Quedei xorda, muda e pedinlle desculpas, que se me podía chamar noutro momento. Colgueille. Fun para a sala de profesores e conteilles a noticia. Pumba, senteime, quedei pálida, branca, enferma. Un ataque de satisfacción persoal, algo así. Botei moito de menos a **Mariano**, o meu compañeiro de camiño que estivera tamén traballando alí.

Eu quería un abrazo diferente, de non ter que dicir nada e que xa notase a emoción.

Os compañeiros foron estupendos, naquel momento quedaron coma min, calados. Tocou o timbre. A de relixión, **Ánxela**, bótame a man polo ombro e dime: “Fina,

tranquila, que che vou eu para a clase”, coma se me morrese alguén. Foi unha porta moi grande que se abriu.

L: Cando recibiches o premio, El País usou un titular que eu non acabo de entender, a ver se me axudas: “Fina Casalderrey, una maestra rural, consigue el Premio Nacional de Literatura Infantil por una obra en Galego”.

F: Iso foi **Esperanza Aguirre**. Cando fun recollelo e me saudou, que por certo non teño ningunha foto sequera, dixo: “¡Caramba! ¡Una maestra rural!” E recordo que lle dixen: “Si, tamén fun urbana, semiurbana... porque iso depende da zona onde esteas dando clase”. Como se os nenos de aldea fosen... cando pola contra, non teñen que estudar no colexio que a leituga non nace no supermercado... nin o leite na bolsiña aquela... Entón si, iso fíxome a min graza.

Fina desprende moita dozura ao falar. Claridade e metáforas que enchen o espazo. Inocencia e carácter. E de súpeto, paréceme que Sergio e mais eu somos alumnos daquela escola de Moraña fascinados coas leccións dunha mestra que non presume de ser escritora aínda 60 libros despois.



Conversa a tres arredor dunha autora que marcou a moitas xeracións. Foto de Xabier Martínez.

S: Outra das lecturas de Nalingua é **Anagnórise**. A perspectiva de xénero aparece aí nun momento no que aínda non estaba moi presente. Tamén existe esa perspectiva en Lúa. David mostra uns estereotipos que se van desfacendo.

F: Si, eu nunca quixen empuxar cara aos conceptos éticos senón como levar da man sen que te decates. Hai un momento no que entran nun sitio e David está morto de medo mentres Branca se amosa valente, eu non o digo pero amósase así. No obstante, eu mesma evoluciono, algunha cousiña poñeríaa hoxe diferente. Nós mesmos imos evolucionando, eu non fun unha abandeirada feminista, eu soñaba con príncipes azuis porque na miña adolescencia non había, na miña contorna, outras condutas que me fixesen pensar doutra maneira. Na infancia, os nenos e as nenas íamos a escolas diferentes. Hoxe reivindico simplemente igualdade.





Fina ilustrou a conversa cunha rosa da súa horta. Imaxe de Xabier Martínez.

L: Todo conta nese camiño cara á igualdade, tamén a linguaxe, non? David di no libro: “Nós non somos nenos, somos un neno e unha nena”. Non obstante, na sociedade aínda non está asentado o tema, ás veces a economía da linguaxe supón un obstáculo, non atopamos as palabras xustas... Como se vive na Real Academia Galega esta cuestión?

F: Intentando ser razoables, intentando ir coa realidade que nos rodea. Intentando cambiar, que haxa máis académicas, entón xa verás como a palabra académica se fai máis natural. Cando haxa moitos máis días das Letras Galegas para personaxes femininos, que os hai, verás como todo iso xa vai sendo natural. Xabier P. Docampo dicía: “Tampouco é cousa de facelo artificial, cambiemos a sociedade e vai cambiando a linguaxe tamén, pouquiño a pouco”. Aínda que é certo que a linguaxe ás veces ten que ir por diante para ir reivindicando.

L: Desde que se publicou Lúa, a situación do galego e a da literatura galega mudaron algo, non si?

F: Si, a situación da literatura mudou para ben. Temos varios premios nacionais galegos. Desde que empezaron a deixar que en galego puideras participar creo que hai unha estupenda colleita. En literatura mudou para facerse visible e para estar á altura de calquera das outras literaturas, e expórtase e tradúcennos. Eu ata teño un libro na lingua de Cornualles! (Ri).

L: E o galego?

F: Dáme moita mágoa que aquel acordo dun Plan Xeral de Normalización Lingüística que foi un acordo, que se o ledes na rede, calquera que teña un mínimo de sensibilidade, emociónase, porque todos os partidos políticos, todos, apoiaron ese plan para normalizar a lingua. E aí está, inda veu despois o bilingüismo ese harmónico, esas cousas tan terribles, que o galego igual comía o castelán, que barbaridade! Pero mirade para os lados todos vós, mirade como xogan os nenos no recreo, mirade como fala a xente na rúa, nas cafeterías, nos comercios! Onde está comendo o galego ao castelán? Se nós non renegamos da lingua castelá, como imos

renegar? Se nacer con dúas linguas é unha fortuna, é unha sorte. Non se trata diso. Na miña época que viñamos da prohibición, acabamos defendendo a lingua, querendo falala. Os ensinantes cun entusiasmo tremendo, faciamos aqueles cursos de galego para poder aprendela e falala con corrección, espallala. Hoxe é como se precisásenos estar ao bordo do precipicio para reaccionar. Temos tele, libros... avanzamos moitísimo pero... e os falantes? Que mágoa!

L: Nunha entrevista que hai na súa web de 1997, á pregunta "exprese un soño", dixeche: "Gustaríame que *O misterio dos fillos de Lúa* tivese moitos lectores (e lectoras, xa sei), que lles gustase moito e que aínda que non recorden (porque a memoria é unha goma de borrar) o nome da autora, que si, permaneza un doce recordo dunha historia dun neno e unha gata que un día lles fixo desfrutar enormemente". Vinte e tres anos despois, tes aquí o exemplo de que o soño está cumprido. Expresa outro.

F: Pois que dentro duns anos sigamos véndonos e dicindo que é increíble, que en pouco tempo como aumentou o número de lectores e lectoras en galego.

Pasaron vinte anos daquela descuberta literaria e non podía marchar sen lle preguntar a Fina por Lúa e os seus gatiños. Os gatiños déronos e Lúa morreu traxicamente.

Iso si, grazas á súa amiga Fina, sempre estará no imaxinario de todas esas persoas que non deixamos de ler para resolver cal era o verdadeiro misterio de Lúa e dos seus fillos.